

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 30 DE SETEMBRO DE 2024-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día 30 de setembro de dous mil vinte e catro ; as nove horas e cinco minutos xuntase os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data Alcalde Don César Fernández Gil concelleiros/as: don Miguel García Domínguez, dona Yolanda Gómez Gómez, dona Mariluz Expósito Pérez.

Está presente o Secretario do Concello, Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do Concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior de 18 de setembro de 2024..

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3 ESCRITOS DOS SEÑORES CIUDADANS.-

Escrito de dona Marta Arias Cruz en representación de Comadres do Ribeiro 2025 no que solicita:

Se realicen tarefas de desbroce, limpeza e corte de árbores. - Se leve a cabo á reparación de 3 escaleiras na Senda Fluvial do regato Maquiáns, quitando terra, poñendo

dous paos e corda para previr caídas e garantir a seguridade das persoas participantes. Se facilite a axuda de Policía Local e Protección Civil que estimen oportuno para vixiar o cruce das persoas participantes na N-120 à altura do Pavillón de Maquians. As horas na que se precisa que estean é ás 10h para a saída en modo pelotón e ás 13h para a chegada.

Se faciliten as chaves do Pavillón de Maquiáns para a organización e almacenamento da comida para os pinchos que se ofrecerán ó remate da actividade.

-10 caixas de auga

-10 mesas plegables

A xunta de goberno local, por unanimidade, acorda acceder ao solicitado.

4 ESCRITOS OFICIAIS

Escrito da Deputación Provincial de Ourense, en contestación á acordo plenario, no que indica:

PRIMEIRO: Informar que non existe ningún punto negro no p.q. 0+330 da estrada provincial OU-0305 Ribadavia - A Arnoia (OU-402), curva da Foz, nin datos obxectivos para cualificar o treito como perigoso.

SEGUNDO: Mellorar o balizamento da curva coa implantación de paneis direccionais e contemplar a mellora superficial do firme da calzada na próxima campaña de rehabilitación de firmes.

5 CUESTIÓN ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.

APROBACIÓN DE FACTURA

1º.- A Xunta de Goberno Local por unanimidade, presta aprobación a factura núm. 240074 presentada por Coregal Parques e Xardins S.L., con data 25.05.2024, relativa a Acondicionamento de Xardins, por importe de 6.594,50 euros.

2º.- A Xunta de Goberno Local por unanimidade, presta aprobación a factura núm. 93 presentada por Estrategia y Organización S.A., con data 01.07.2024, relativa a Asistencia técnica para elaboración a Relación de Postos de Traballo (R.P.T), por importe de 5.898,75 euros.

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº9/24.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº9/24, por importe de 14.307,30 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº10/24.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº10/24, por importe de 73.237,01 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

LIQUIDACIÓN DE TAXAS POR OCUPACIÓN DE VIA PUBLICA CON MESAS E CADEIRAS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación a liquidacións da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares

con finalidade lucrativa, no mes de xullo 2024, por importe de 2.914 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a este acordo.

APROBACIÓN DE CONTRATO

A Xunta de Goberno Local, presta aprobación o contrato de servizo técnico xurídico para a obtención de novos ingresos referidos a compensación de conta bonificadas para Cooperativas-Sat.

APROBACIÓN DE FACTURAS E CONTA XUSTIFICATIVA.-

De acordo cos datos e antecedentes obrantes nesta Administración Local, resulta que en relación coa subvención concedida para "Socorristas acuáticos na piscina da Veronza", servizo subvencionado o abeiro da Orde do 27 de maio de 2024:

a) Que tomouse a razón en contabilidade e cumpríuse a finalidade para a cál foi concedida a subvención.

b) Que os gastos totais soportados imputables a actuacións subvencionadas ascenderon a 21.147,95 euros, desglosados nas seguintes facturas:

Acreedor: Mouxion S.L.
Número de factura: 87
Importe: 1.543,96 euros.
Data da emisión: 22.07.2024
Data de recoñecemento: 30.09.2024

Acreedor: Mouxion S.L.
Número de factura: 95
Importe: 9.793,84 euros.
Data da emisión: 07.08.2024
Data de recoñecemento: 30.09.2024

Acreedor: Mouxion S.L.
Número de factura: 111
Importe: 10.636,90 euros.
Data da emisión: 19.09.2024
Data de recoñecemento: 30.09.2024

Acreedor: Mouxion S.L.
Número de factura: 112
Importe: 1.173,25 euros.
Data da emisión: 24.09.2024
Data de recoñecemento: 30.09.2024

E sendo as nove horas e vinte e cinco minutos e non habendo máis asuntos que tratar o Sr Alcalde levanta a sesión.

